

8 marzo, todas á rúa

Este ano, as mulleres traballadoras temos máis motivos ca nunca para saír á rúa a loitar polos nosos dereitos.

As desigualdades e a sobreexplotación á que somos sometidas están

a quedar moi claras nesta pandemia.

Nos meses máis duros, cando se paralizou todo, quen quedou en primeira liña, sen trincheira, fomos as mulleres traballadoras. Enfermería, xeriatría, limpeza, lavandería, supermercados..., nestes sectores, que se demostraron **esenciais**, traballan fundamentalmente mulleres. Son os que soportan máis precariedade, peores condicións laborais, contratos lixo, salarios miserables, etc.



As mulleres traballadoras, ademais de fundamentais na loita contra a pandemia, tamén somos as que sufrimos as consecuencias de xeito máis agudo. As nais tivemos que facer de mestras dos nosos fill@s despois de facer malabarismos para poder conciliar os seus coidados co traballo, e encima moitas quedaron atrapadas na casa cos seus maltratadores, sen ningunha alternativa.

A pandemia vai supoñer un retroceso nas nosas condicións de vida, xa en si máis precarias.

Négase o recoñecemento de doenza profesional ás traballadoras que se enfrontaron directamente co covid sen ningunha protección, facendo o seu traballo. Como se atreven a dicirnos que o 8-M fiquemos na casa?

As mulleres non nos queremos mártires nin heroínas. Querémonos libres e cunha vida digna. A única maneira de conseguilo é loitando na rúa, como sempre fixemos.

Mobilizacións: 12:00 - Concentración de Libres e Combativas no edificio da Xunta.
19:00 - Concentración de Galegas 8-M na Porta Nova (As Pías).

Covid: o misterio da industria auxiliar

Xa temos denunciado que os datos da covid na IA son rechamantes. Outro exemplo: os *contactos estreitos negativos*. Datos entre principios deste mes e finais de outubro:

	27 outubro 2020		1 marzo 2021		Incremento	
	Principal	IA	Principal	IA	Principal	IA
Positivos acumulados	26	18	60	76	130 %	322 %
Contactos estreitos negativos acumulados	12	5	38	5	216 %	0 %

non podemos crer nunha milagre. Así que se nos ocorren tres posibilidades: 1) hai presións empresariais para non identificar contactos estreitos; 2) as compañías ocultan información; 3) unha combinación das dúas anteriores.

A subcontratación tamén é un **perigo** para a saúde pública (ademais de para a saúde dos traballador@s). Só crea problemas. E todo para que algúns saquen tallada. Loitar contra ela é un obxectivo sindical **prioritario**.

E outra vez o teletraballo

Hai algunha xefatura (IPA) que, aproveitando a fin da "flexibilidade" que a empresa se viu obrigada a aprobar en febreiro ante a gravidade da terceira onda, está empeñada en que todo o mundo volva ó traballo presencial.

En xaneiro prorrogouse o teletraballo até o 31 de maio. Por tanto, a fin da "flexibilidade" debe implicar, no peor dos casos, a volta á situación de xaneiro, non a fin do teletraballo. A terceira onda está baixando, pero a pandemia non está superada. Diga o que diga, a empresa antepón a produción á saúde. A solución a isto non pode ser que cada traballador negocie o tema co seu xefe. A maioría sindical debe rectificar a postura que vén mantendo e esixir uns criterios comúns para toda a factoría.

Novos ingresos

A convocatoria de 2019 quedou desbloqueada. Pero isto non significa que rematasen os problemas. A empresa excluíu a 4 persoas (2 de Asistencia á dirección e 2 de Bacharelato), entre elas os nº 1 no exame. Tanto discurso sobre as bondades da "excelencia", tanta crítica á falta de "sacrificio" das novas xeracións, e despois resulta que nin sacando o primeiro posto obtés praza porque Navantia te exclúe arbitrariamente.

Se deciden demandar, esperemos que gañen e que Navantia teña que contratar 4 persoas máis, que evidentemente **non** se poderán descontar das prazas correspondentes ás futuras convocatorias.

Agora queda por ver que nos atoparemos nas convocatorias de 2019 pendentes (operarios e universitarios sénior). A actitude da empresa até agora non invita ó optimismo.

Unha cousa xa está clara: as futuras convocatorias teñen que ter unhas bases **moi distintas**. Para empezar, teñen que ter **bases**, porque as prazas universitarias sénior 2019 **non** as teñen: a maioría sindical aceptou que a empresa publicase as ofertas de emprego **sen bases**. Despois se queixarán de que a empresa fai o que lle peta. As empresas sempre queren facer o que lles peta. A clave é que se lles tolera e que non. Claro que é difícil enfrontarse coa empresa cando por outra banda lle estás pedindo favores clientelares.

Aumento salarial 2020

Autorizouse que Navantia pague o incremento salarial aprobado en xaneiro do ano pasado para o sector público. É un **2,3%** e está previsto que se aplique na nómina de **marzo**. Se a dirección, esa que di que tanto nos quere, non chega a esperar a xaneiro deste ano para solicitar o permiso, teríamos cobrado moito antes.

Áreas de descanso

"Cando a seguridade ou a saúde dos traballadores o esixan, en particular en razón do tipo de actividade ou do número de traballadores, estes disporán dun local de descanso de acceso doado". Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos centros de traballo.

Os lugares de descanso nunca foron unha prioridade porque o costume era descansar e tomar o bocata nos vestiarios. Pero a pandemia levou á dirección a **retirar** mesas e cadeiras dos mesmos para que os traballador@s non os utilizemos, pero sen dar unha alternativa.



Por que en Navantia non pode haber áreas de descanso así?

Se traballas a bordo, búscate a vida. Se tes sorte e non chove, podes sentar no **chan** para comer e beber algo. Viva o estaleiro 4.0!

Navantia ten que habilitar espazos limpos e coas máximas medidas de seguridade. De verdade que non houbo tempo, no ano que levamos de pandemia, para facer isto? Hai empresas que teñen áreas de descanso e incluso comedor que se adaptaron e están a funcionar perfectamente.

Horas sindicais de febreiro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da CGT.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	15,25	Día 17. Viaxe Congreso dos Deputados (06:00-13:39) Día 18. Viaxe Congreso dos Deputados (06:00-13:39)	15,30	30,70
Xaquín	77,25	Día 17. Viaxe Congreso dos Deputados (06:45-14:24) Día 18. Viaxe Congreso dos Deputados (06:45-12:30)	13,40	90,65
Arturo				
Javi	79,25			79,25
Benito	31,80			31,80
Carmen	11,00			11,00
TOTAL	214,55		28,70	243,25



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:



CGTNavantiaFE

No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases. Tamén podes acceder usando os códigos QR.